

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás doce horas do día doce de decembro do ano dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Non asisten os deputados don Plácido Álvarez Dobaño do Grupo Popular e don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión, convocada por resolución da Presidencia do día 7 de decembro de 2012, procédese ó tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2013.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que esta institución trae hoxe aquí a aprobación dun Plan de Recursos Humanos, e por primeira vez preséntase un ERE para despedir a 32 persoas, o primeiro nunha administración galega, que segundo se explica no informe asinado pola Presidencia, esta decisión obedece a razóns económicas. Para o BNG a adopción desta medida por parte do presidente da Deputación é a demostración

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

palmaria de que o PP non ten alternativas á saída da crise, nin económicas nin sociais, e está apostando por políticas cuxos resultados están xerando unicamente máis paro e máis pobreza, políticas que tamén inciden no sector público, que, como se pode apreciar, non queda a salvo da situación. É a plasmación do fracaso da política do PP, que non ten máis alternativas que recortar, non ten alternativas económicas e reflicte o que o BNG xa ven denunciando desde hai tempo, a inviabilidade desta institución. Por outra banda, esta decisión reflicte o que o BNG e a sociedade ourensá xa coñece e que non é outra que a constatación dos excesos derivados dun xeito de entender esta institución, que acabou xerando un monstro de enormes proporcións que é imposible de xestionar no actual marco económico e do que agora se empezan a ver as consecuencias, que probablemente non sexan as únicas. O Partido Popular, que gobernou esta institución de forma omnímoda durante todos estes anos, pon o acento sobre os 32 traballadores e traballadoras desta institución, para non pór o foco sobre os centos de traballadores e traballadoras que foron gañando a súa praza mediante procesos feitos a medida, conseguindo que a Deputación de Ourense sexa hoxe a máis sobredimensionada en persoal de toda Galicia, e probablemente, de todo o Estado. A novembro de 2012, 257 funcionarios (6 interinos), 366 laborais fixos (3 interinos) e 54 temporais. É curioso que o presidente basee esta decisión na contratación inxustificada e masiva, e na persistencia dun uso indebido e reiterado de contratos temporais. Din curioso, porque o BNG leva lustros denunciando, con escaso éxito, a política clientelar e nepótica practicada nesta Deputación, política que foi avaliada polos deputados que hoxe se sentan nas bancadas de enfronte, que ano tras ano aprobaron e lexitimaron cos seus votos, esa forma de proceder. Pregunta ¿onde estaban entón os deputados e deputadas do Partido Popular? ¿Como é posible que agora cuestionen o que antes aceptaban co seu silencio cómplice? Pensa que se os deputados que avalan agora a memoria da Presidencia e avaliaron antes as prácticas nepóticas, clientelares, caciquís que levaron a esta situación insostible que recoñece agora o propio presidente, se tiveran un mínimo de dignidade política, deberían de dimitir. Aqueles pos trouxeron estes lodos. Ese monstro que se foi creando, ó longo de máis de dúas décadas foi colocando á Institución nunha situación de insostibilidade financeira, que fai inviable a súa xestión e cuxas consecuencias xa estamos a padecer. Na memoria xustificativa, cuestiónase a necesidade destes contratos e o proceso polo que ese persoal foi contratado. Non se cuestionan, por

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

suposto, os procesos polos que se consolidaron centos de postos de traballo, procesos inzados de irregularidades e sobre os que recaen a sospeita permanente. No documento explícase que subsiste un relativamente elevado volume de traballadores laborais indefinidos de carácter non fixo, que non obtiveron ese estatus mediante a superación dun proceso selectivo regulamentario, senón pola indebida aplicación de contratacións temporais non xustificadas. Tamén detalla como o gasto en persoal medrou de xeito desproporcionado durante os últimos anos de mandato do seu antecesor, chegando a incrementa-lo seu peso porcentual no conxunto do orzamento durante este período. O informe destaca que para mitiga-lo elevado peso porcentual que o gasto de persoal tiña sobre o gasto público, moito maior do que se nos quería facer ver, obrigou a facer *triquiñuelas* contables, tendo que recorrer á incorporación do remanente de exercicios anteriores dos investimentos que tiñan carácter plurianual. Mentres o presidente di que resulta imprescindible reducir aínda máis o gasto en persoal, o que rebela que este ERE é o primeiro paso para futuros expedientes de regulación. O presidente rexeita unha redución xeneralizada de salarios porque existen sólidos argumentos como o seu carácter indiscriminado e un horizonte temporal limitado que non solucionarían o problema. Argumenta que o ERE recae exclusivamente sobre o persoal que non chegou a adquirir de forma regula-lo seu estatus de persoal indefinido, senón en virtude dun uso indebido das fórmulas de contratación temporal reiteradas no tempo, por iso o ERE regulariza a situación do cadro de persoal pondo fin á anomalía que constitúe a existencia de este tipo de persoal. Pide que para rematar esta primeira intervención lle permitan unha pequena brincadeira, que é que non estaría de máis que vostedes foran novamente pioneiros (xa o están sendo) na aplicación dunha nova modalidade de expediente de regulación de emprego, o EFE (expediente familiar de emprego), que nesta institución tería unha aplicación doada e práctica: aquelas familias que teñen máis de tres membros empregados nesta casa, quedarían con un, onde hai máis de catro, quedarían dous, onde traballan o pai, a nai, a filla, o xenro, abonda con dous, onde traballan 3 irmáns, que traballen dous, etcétera e así dese xeito repartiríanse as cargas de traballo entre todos máis equitativamente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que o voto do seu grupo neste punto e no seguinte vai ser en contra. O seu grupo non entende o debate

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

destes dous puntos separados do propio do orzamento, porque están relacionados, entón debaterán todo conxuntamente no punto do orzamento.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Rodríguez Puga que cando chega o tempo no que se podería pasou o tempo no que se puido. Non sabe ben que é o que critica o BNG porque empezou criticando un ERE e despois critica á Deputación porque está sobredimensionada de persoal. O punto primeiro da orde do día é moi concreto, é a aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos para o ano 2013, que se presenta diante da necesidade de redimensionar e adelgaza-la administración provincial, onde hai que planear de novo os servizos, dada a situación que estamos a vivir, e implementar unha nova estrutura orgánica que permita optimiza-lo gasto e mellora-la xestión coa cooperación cos concellos, na procura de mellora-los servizos para os cidadáns. Este é o obxectivo do plan e o portavoz do BNG obviouno totalmente e está facendo política *torticeira*. Di que este Plan de Ordenación de Recursos Humanos é un documento vivo, dinámico, que se pode ir modificando e adaptándoo en función das necesidades ó longo do ano, igual que aconteceu neste exercicio coa creación de brigadas medioambientais formadas por empregados que antes realizaban o seu traballo nos centros ecuestres. Este plan recolle medidas de reestruturación do Cadro Laboral, normas especiais para a provisión de postos de traballo establecidos na RPT 2013, etcétera. O Grupo Popular vai votar a favor deste punto porque son conscientes de que así se mellorará a vida dos cidadáns da provincia, e priorizando porque as necesidades son moitas e os recursos poucos e de bos políticos é facer máis con menos.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que non está perdido do punto e entrando a valorar cuestións concretas do Plan de Ordenación de Recursos Humanos, en canto ás medidas de reestruturación do cadro de persoal di que para calquera cuestión técnica merece a pena ve-los artigos 167 e seguintes do Texto refundido da Lei de réxime local, onde se establece a clasificación dos funcionarios das entidades locais, que se fundamenta en especialidades profesionais e de titulacións. As categorías quedan reducidas a determinadas clases de persoal (exemplo persoal de oficios). Nesta clasificación non se comprende por exemplo o xestor de administración cultural (¿que especialidade profesional e titulación é exixible?) e outro tanto pódese dicir de técnico especialista en xestión orzamentaria e contable. En canto ás medidas de reestruturación do cadro laboral: resulta

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

demostrativa a escasa utilidade dos servizos provinciais, polo menos, nos prestados ata de agora. De ser importantes necesitarían persoal. Outro aspecto a ter en conta é a posible conculcación do dereito básico de tutela xudicial efectiva, xa que a consideración de persoal indefinido debe derivar de pronunciamentos xudiciais e só tres teñen ese pronunciamento xudicial de corenta e cinco, as outras corenta e dous son indefinidas porque unha inspección laboral obrigou a regularizar eses contratos. A imposibilidade de procesos de consolidación de emprego temporal derivada da normativa orzamentaria non impide a súa conservación na situación actual. En relación coas normas especiais para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT 2013: a reasignación de efectivos en mans da Presidencia posibilita empregar criterios personalistas, haberían criterios obxectivos como esixe a norma, a reasignación de efectivos como consecuencia dun Plan de Emprego efectuarase aplicando criterios obxectivos relacionados coas aptitudes, formación, experiencia e antigüidade, que se concretarán nel. Parte da idea de que os postos suprimidos son reemplazados por outros de nova creación (remítese á nota anterior sobre clasificación de persoal e remisión ó Texto refundido da Lei de réxime local). En canto á escala de administración especial, é importante a definición persoal desta escala: persoal que realiza funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, profesión, arte ou oficio. Na subescala técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías (exixe carreira académica). En relación coa clase Técnico Auxiliar (C1), pregunta que titulación se esixe para o Oficial de Obras e Servizos ou para Oficial Técnico de Obras. Parece existir un abuso deste tipo de persoal para escapar da existencia de titulacións concretas ou especializacións. Isto pode ser por herdanzas anteriores, que non xustificaría o seu mantemento e cabe a clasificación noutras escalas ou clases, por exemplo técnica. En canto á clase de persoal de oficios [esta clase comprende categorías de encargado, mestre, oficial, axudante e operario). Resulta rechamante a amplitude deste tipo de persoal e a coincidencia de categorías con prazas de funcionarios. En situación de equiparación salarial resulta máis económico o persoal funcionario -a entidade non soportaría custos de desemprego. A única razón para manter este tipo de persoal sería a desigualdade retributiva. En canto ás normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal, resulta improcedente que a titulación se determine na fase de oferta de emprego (quedaría a discreción de situacións conxunturais). Débese fixar no cadro de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

persoal que se aprobe plenariamente, segundo o artigo da lei mencionada. En relación cos procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT, unha vez máis non se establecen criterios obxectivos para prover postos de traballo e déixase todo en mans da discrecionalidade da Presidencia. Sobre a reasignación de efectivos de persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo, di que tamén queda todo en mans da Presidencia. En canto ós criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2013, a existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos. Pregunta se este suposto pode primar situacións particulares e de oportunidade política. Merecería a pena ver-lo impacto do persoal contratado para servizos sociais, así como patentizala utilización partidaria das institucións que fai o PP (a Subdelegación do Goberno, que solicita xustificación para a contratación en administracións doutras cor política e a Deputación contrata sen ser requirida a explicarse).

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que como non está facendo agora uso da súa quenda, despois hai que ser máis xeneroso no debate do orzamento. Quere apuntar que algunha responsabilidade terá o grupo de goberno de todo isto e que este é un plan de organización da desorganización polo que aconteceu nesta casa a raíz dos máis de trinta anos que levan gobernando. En canto a que este é un plan dinámico e que pode cambiar, quere dicir que visto o visto o polo camiño que leva o que vai é a empeorar e moito. E o mantra de máis con menos é algo que aquí non se utilizou porque se fixo moito menos con moito máis. Non sabe a que se refire cando di optimizar gasto a non ser que sexa para que esta provincia sexa a menos desenvolvida de todo o Estado, porque os recursos desta Deputación foron suficientes para que esta provincia fose moito mellor.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que este é un punto moi concreto e o Sr. Rodríguez Puga expuxo de todo. O Grupo Popular é responsable coa súa política e non van optimizar porque queiran senón porque a conxuntura económica actual así o esixe e como responsables teñen que adaptarse á situación. Hai un ano que tivo a oportunidade de escoitar este mesmo debate, e isto parece un disco coa mesma letra pero cambiando de música. O Sr. Rodríguez Puga deu un gran discurso pero

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

non se centrou no punto da orde do día. Pide que se traian ideas novas e propostas e non dici-lo mesmo tódolos anos. O Grupo Popular quere levar este plan adiante porque é o mellor posible neste momento.

Non se producen máis intervención e o Sr. presidente somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (8) e dos do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2013 da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I. Memoria Xustificativa:

Determinadas modificacións introducidas pola Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2013 esixen a adopción de medidas de reordenación do persoal ó servizo da administración provincial que precisan, para a súa implementación, da elaboración e aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos.

Estas medidas, que constitúen o obxecto do presente Plan de Ordenación, son as seguintes:

a) Medidas de reestruturación do cadro de persoal: neste apartado, resulta preciso introducir, dentro da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior, as categorías de Arquitecto (ó terse creado na RPT 2013 un posto de Arquitecto Asesor) e Veterinario (na que se integrará o persoal con esta titulación procedente da categoría de técnico superior en xestión de instalacións Equestres, que queda extinguida ó terse externalizado a xestión deste tipo de instalacións). Créase, ademais, a categoría de xestor de administración cultural, dentro da escala de administración especial, para a cobertura do novo posto de Director de Biblioteca, e doutros postos que poidan crearse no futuro no eido da administración cultural, e a de técnico especialista en xestión orzamentaria e contable, para a provisión do novo posto de técnico de fiscalización da Área de Intervención.

b) Medidas de reestruturación do cadro laboral: consistentes na supresión das novas categorías profesionais de persoal laboral fixo, introducidas polo Plan de Ordenación de 2012 e correspondentes a prazas de nova creación orientadas á regularización da situación

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

do persoal laboral indefinido existente no cadro laboral. Tendo en conta que a vixente lexislación orzamentaria impide realizar procesos de consolidación de emprego temporal, e que a RPT 2013 suprime as prazas creadas para o efecto, procede coherentemente suprimir as novas categorías profesionais introducidas en 2012 (medida que afecta ás categorías de deseñador gráfico, monitor sociocultural, monitor deportivo e axente de emprego e desenvolvemento local.

Suprímense igualmente as categorías relacionadas coa xestión de instalacións ecuestres.

c) Normas especiais para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT 2013: establécese a utilización do procedemento especial de reasignación de efectivos en tódolos supostos de persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo. O dito persoal será reasignado pola Presidencia ós postos de traballo que substitúan ós suprimidos, sen que a dita reasignación poida supoñer mobilidade xeográfica.

Non obstante o anterior, non será de aplicación esta norma nos casos en que os postos de nova creación teñan asignado un complemento de destino diferente ó suprimido. Nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O titular do posto suprimido será adscrito a un posto de traballado axeitado á súa categoría profesional ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido.

d) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2013: recóllense os criterios xerais para a elaboración da oferta de emprego público 2013, conforme coas previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio.

e) Normas sobre prórroga do servizo activo: ademais destas medidas, e ante a necesidade imperiosa de proceder á redución do gasto público, e ó abeiro do establecido no artigo 49 do Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, defínense os supostos nos que se considerará que existen razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo dos funcionarios que superen a idade ordinaria de xubilación forzosa.

II. Determinacións do Plan.

1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

a) Determinación das Escalas e Subescalas do Persoal Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Ourense:

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense quedará integrado polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de Administración Xeral

- **Subescala Técnica:**

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- **Subescala de Xestión:**

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- **Subescala Administrativa:**

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou Técnico.

- **Subescala Auxiliar:**

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- **Subescala Subalterna:**

Grupo de titulación: Agrupación Profesional sen requisito de titulación.

2) Escala de Administración Especial:

2.1) **Subescala Técnica**, estruturada nas seguintes clases e categorías:

a) **Clase Técnico superior (A1)**

- Técnico superior en Administración Financeira e Tributaria.
- Letrado da Deputación Provincial.
- Enxeñeiro de Obras e Servizos Provinciais.
- Enxeñeiro Superior Industrial.
- Arquitecto

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

- Veterinario. Integrarase automaticamente nesta categoría o persoal procedente da extinta categoría de Técnico de Xestión de Instalacións Ecuestres.
- Técnico Superior de Arquivos e Bibliotecas.
- Técnico Superior de Laboratorio.
- Tradutor de Lingua Galega.

b) Clase Técnico Medio (A2)

- Asistente Social.
- Técnico Especialista en Laboratorio.
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- Enxeñeiro Técnico Agrícola.
- Enxeñeiro Técnico Industrial.
- Arquitecto Técnico.

c) Clase Técnico Auxiliar (C1)

- Oficial de Obras e Servizos.
- Oficial Técnico de Obras.
- Oficial Técnico de Laboratorio.
- Delineante.
- Técnico Auxiliar Agrícola.

2.2) Subescala de Servizos Especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase Prazas de Cometidos Especiais

- Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A1).
- Técnico Superior en Administración Cultural (A1).
- Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais (A1).
- Técnico Superior en Xestión de Instalacións Deportivas Municipais (A1).
- Enxeñeiro Superior en Informática (A1).
- Xestor de Administración Cultural (A2)
- Enxeñeiro Especialista en Informática (A2).

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

- Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2).
- Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Orzamentaria e Contable (A2)
- Técnico Especialista en Prevención de Riscos Laborais (A2).
- Técnico Especialista en Medio Ambiente (A2)
- Oficial Técnico en Seguridade e Saúde (C1).
- Técnico Superior Informático (B).
- Técnico Auxiliar Informático (C1).
- Técnico Auxiliar en Medio Ambiente (C1).
- Auxiliar Técnico de Recadación e Xestión Tributaria (C2).
- Auxiliar Informático (C2).
- Programador Informático (C1). Categoría a extinguir.
- Auxiliar Técnico de Obras (C2). Categoría a extinguir.

2.2.2) Clase Persoal de Oficios

- Rexente de Edificios e Instalacións (C1).
- Axudante de Obras e Servizos (C2). Categoría a extinguir.
- Axudante de Imprenta (C2). Categoría a extinguir.
- Chofer de Presidencia
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2). Categoría a extinguir.
- Chofer Especialista (C2). Categoría a extinguir.
- Mecánico – Electricista – Soldador (C2). Categoría a extinguir.
- Albanel (C2). Categoría a extinguir.
- Peón Agrícola (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.

a.2) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Con efectos de data 1 de xaneiro de 2013, o cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense quedará estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- Técnico medio de asistencia ós grupos políticos (A2).
- Profesor Superior de Gaita (A2).
- Profesor Axudante de Gaita (C1).
- Profesor de Percusión (C2).
- Profesor Superior de Danzas, Pandeireta e Canto (A2).
- Profesor Axudante de Danzas, Pandeireta e Canto (C1).
- Oficial Técnico de Escenario, Luces e Son (C1).
- Oficial de Explotacións Agropecuarias (C1).
- Oficial de Obras e Servizos (C1).
- Oficial de Imprenta (C1).
- Oficial do Teatro Principal (C1).
- Administrativo do Grupos Políticos (C1).
- Axudante do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo Fernández* (C2).
- Axudante de Imprenta (C2).
- Axudante de Escenario, Luces e Son (C2).
- Maquinista (C2).
- Axudante de Obras e Servizos (C2).
- Auxiliar de Servizos (C2).
- Auxiliar Técnico de Obras (C2).
- Auxiliar Técnico de Laboratorio (C2).
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).
- Chofer Especialista (C2).
- Albanel (C2).
- Mecánico – Electricista- Soldador (C2).
- Chapista (C2).
- Pintor (C2).
- Capataz de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Capataz de Zonas Verdes e Limpeza Viaria (C2).

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

- Tractorista (C2).
- Cociñeiro (C2). Categoría a extinguir.
- Conductor Especialista de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Construtor de Gaitas e Instrumentos Musicais Tradicionais de Galicia (C2).
- Operario do Centro de Cultura Popular *Xaquín Lorenzo Fernández* (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario de Mantemento (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Telefonista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Axudante de Soldador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Peón Agrícola (Agrupación Profesional sen requisito de titulación).
- Operario sen Cualificar (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario Limpador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Porteiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro Especialista (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.
- Operario de Báscula (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.
- Auxiliar de Biblioteca (A2). Categoría para extinguir.

a.3) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras das correspondentes convocatorias, atendendo ó disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ó maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ó contido dos respectivos ciclos

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:

1. Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade:

Os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2013 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro trimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

2. Reasignación de efectivos de persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo:

O persoal afectado pola supresión dos seus actuais postos de traballo será reasignado, mediante resolución da Presidencia, ós postos de nova creación que substitúan ós postos suprimidos, conforme ás seguintes regras:

a) A reasignación non implicará mobilidade xeográfica en ningún caso, nin redución das retribucións fixas consolidadas nos postos suprimidos.

b) En tanto non se produza a reasignación, o persoal afectado realizará funcións semellantes ás realizadas nos postos suprimidos, de acordo coas instrucións do xefe de área ou de servizo correspondente.

Non obstante o anterior, non serán de aplicación estas normas nos casos en que os postos de nova creación teñan asignado un complemento de destino diferente ó suprimido. Nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O titular do posto suprimido será adscrito a un posto de traballado axeitado á súa categoría profesional ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2013:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2013 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

2º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ó cumprir a persoa a idade legalmente establecida, actualmente fixada en sesenta e cinco anos.

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun año renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre la base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada mediante resolución, ditame ou informe médico.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

A estes efectos, e ó abeiro do establecido no artigo 49 do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A innecesiedade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita innecesiedade deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da Área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ó expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

3. Procederá tamén a xubilación dos funcionario en situación de prórroga do servizo activo, previa instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física o psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

4. En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2013.

As disposicións de natureza normativa do presente Plan de Ordenación de Recurso Humanos entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2013, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, a documentación inicialmente aprobada, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estas serán resoltas polo Pleno.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2013.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga, para debate-la RPT 2013.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di o portavoz do Grupo Popular protesta tanto se se centra como se non se centra e tamén se é político ou se é moi técnico. En canto ó punto da orde do día, di que é preciso acadar unha redución do gasto público no capítulo I dos orzamentos, xa que, no actual contexto de contracción fiscal, o actual nivel de gasto resulta insostible a medio e longo prazo, tendo en conta o establecido na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Comenta se a

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

redución do capítulo I é certa, tendo en conta que o peso do capítulo I, respecto do orzamento medra un 1% en comparación co ano anterior, entón non hai tal redución, sen contar os 133 contratados do convenio de servizos sociais. Sen prexuízo do anterior, e dende unha perspectiva cualitativa, é preciso acadar un maior grao de tecnificación e cualificación da administración provincial, mediante a incorporación do persoal técnico imprescindible para a mellora da prestación dos servizos provinciais. Na súa virtude, e sen prexuízo de camiñar cara unha redución global do cadro de persoal, a dita redución global non é incompatible cun incremento do dito cadro nas escalas, subescalas e categorías profesionais correspondentes a persoal técnico titulado, nas áreas onde sexa necesario tal incremento (como, por exemplo, as relativas ó control e fiscalización da xestión orzamentaria e contable, xestión tributaria e recadación ou servizos técnicos orientados á asistencia ós municipios e á xestión da cooperación intermunicipal). A tecnificación require titulacións académicas universitarias. En todo caso, debe procurarse unha organización máis racional e eficiente, á vista das posibilidades que ofrecen os efectivos dispoñibles. A vía de promoción interna pode ser interesante para os procesos de tecnificación como aproveitamento de recursos dispoñibles e non teñen limitación legal, non obstante, non se contempla nin no Plan de Ordenación. Tendo en conta, ademais, que en todo caso a idea de proceder a esa consolidación de emprego público laboral indefinido debe abandonarse [xa comentado no Plan de Ordenación], no actual contexto económico no que a redución do gasto público é unha necesidade imperiosa, partindo da consideración de que, en todo caso, as ditas prazas non respondían tanto a unha planificación dos recursos humanos baseada nas necesidades obxectivas da administración provincial como á necesidade de dar resposta a unha situación sobrevida pola conversión en persoal indefinido do persoal temporal. No mesmo senso, a creación de novas prazas limítase ás estimadas imprescindibles, consistindo en seis prazas (dúas delas de persoal eventual para o Servizo de Presidencia – tendo en conta que a actual dotación de persoal eventual da Deputación é moi baixa e claramente insuficiente -), unha praza de xestor de administración cultural para a Biblioteca Provincial – cuxa dirección se atopa vacante dende hai meses –, unha praza de interventor asesor e unha praza de arquitecto para o Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios e unha praza de técnico especialista en administración financeira e tributaria na Área de Intervención, en liña coas previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Estado sobre a oferta de emprego público para 2013, na que se autoriza a convocatoria de prazas ata o 10 % da taxa de reposición de efectivos entre outros, no ámbito da fiscalización da xestión orzamentaria e contable. En definitiva, recórtase en persoal indefinido pero increméntase o persoal de confianza, así xa imos vendo por onde vai o adelgazamento. No Servizo de Presidencia créanse dúas novas prazas de persoal eventual – un Asesor Cultural e un Asesor Técnico. En canto ás granxas (inclúense neste grupo as explotacións agropecuarias dependentes da Deputación Provincial), non se establecen regras xerais para a organización e integración destas unidades administrativas especiais, nin para a determinación dos requisitos dos postos nos que conorra a súa xefatura ou dirección, resolvéndose estas cuestións caso por caso, xustificadamente en función das peculiaridades que presenten as concretas unidades existentes. Sería conveniente defini-las relacións de dependencia de cada unha das unidades descritas: un organigrama sería visualmente clarificado. Así mesmo sería fundamental defini-las competencias de cada unha das unidades. En relación coas determinacións xerais sobre o establecemento da forma de provisión dos postos: primeiro: o concurso ordinario é o procedemento común de provisión de postos. Os procedementos de concurso específico e libre designación só poderán utilizarse nos casos previstos nos apartados 2 e 3 seguintes. Segundo: o concurso específico poderá establecerse para a provisión de postos singularizados que ademais teñan características que aconsellen a valoración de méritos ou calidades específicas (creatividade, habilidades directivas, especial coñecemento dunha materia ou outros análogos). Mellor definición técnica é que serían concursos restrinxidos ó persoal de determinadas áreas funcionais. En canto á determinacións xerais sobre a asignación do complemento de destino, di que partindo do carácter xerárquico do complemento de destino, que ven a expresa-la posición do posto de traballo na estrutura administrativa, a súa atribución ós diferentes postos da RPT realizarase de conformidade coas seguintes regras: hai que resaltar a especial calidade da RPT, un mesmo posto de traballo (exemplo claro as xefaturas de negociado) poden ser desenvolvidos por persoal con disparidade de titulación académico. Sería preciso asocia-los postos de traballo a menores grupos de titulación, por exemplo reservar xefaturas de área e servizo ó grupo A1, xefatura de sección A2, xefatura negociado C1, etcétera. Sobre as normas de valoración do complemento específico, di que de conformidade co disposto no artigo 23.3.b) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

de reforma da función pública, os elementos obxecto de valoración para a súa retribución a través do complemento específico son a especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. Tódolos postos integrados nun mesmo grupo de titulación. Os postos non se integran en grupos de titulación, resérvanse para prazas para as cales se esixe unha determinada titulación. Se pomos isto en relación co comentario sobre xefaturas de negociado, termos que postos de similar posición xerárquica e funcións equivalentes terán distinta retribución. O actual sistema retributivo dos empregados públicos combina diferentes métodos retributivos, pero co fundamento nos postos de traballo, a posición xerárquica do posto determinará o complemento de destino e as condicións particulares do posto o complemento específico. Terán asignado un tramo fixo (en caso de establecerse este criterio o tramo tería que ser igual para tódolos postos) no complemento específico, por entender que en tódolos casos existirán elementos comúns, de difícil valoración por separado, de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. Para estes efectos, o persoal pertencente ás escalas de administración local con habilitación de carácter estatal considerárase integrado nun grupo diferenciado do resto dos funcionarios do grupo A. As especiais circunstancias de dificultade, dedicación, responsabilidade, penosidade e perigosidade e incompatibilidade de cada posto de traballo, non retribuídas a través do tramo fixo (cómo determina-lo que non valora o tramo fixo, cando este retribúe circunstancias de difícil valoración, serán de difícil valoración en canto sexan descoñecidas ou existan ambigüidades), serán obxecto de valoración nun tramo variable, no suposto en que existan, conforme coas regras establecidas nos apartados seguintes. 4. Para cada factor avaliable, establécense distintos graos, en función da diversa intensidade coa que ese factor concorra no desenvolvemento de cada posto de traballo. A cada grao atribúeselle unha determinada puntuación, asignándose un valor económico unitario ó punto, de tal xeito que a valoración do complemento específico será o resultado de multiplicar a puntuación obtida polo valor económico unitario correspondente. O valor económico asignado a cada punto pasa a ser de 101,1172 euros para os grupos A1, A2, B, C1 e C2 e de 105,3748 euros para as agrupacións profesionais sen requisito de titulación. Pensa que isto é discriminatorio, este valor tería que ser igual para tódolos postos. Di que volve utiliza-lo grupo de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

titulación como elemento definidor da retribución, para isto sobra todo o sistema retributivo, chega con defini-las retribucións por grupo de titulación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dixo que non ía debater estes dous primeiros asuntos da orde do día, pero o portavoz popular incítalo a facelo, porque utiliza unha linguaxe (igual que a que utiliza noutros sitios) que con el non lle vai servir, dado que aquí a oposición é o Grupo Socialista. Os políticos deben debater cuestións políticas, aínda que eses debates leven a tratar asuntos técnicos e os temas que tratamos hoxe teñen moito que ver coas formas de face-las cousas nesta casa. Di que el non se dedica ó cante e quen dá o cante nesta institución é o grupo de goberno e non a oposición, así que non poderá descualificar a ninguén. O portavoz popular pide ideas e esas ideas habería que debatelas nas comisións correspondentes ás que o Sr. Fernández Fernández (vicepresidente económico) non asistiu incumprindo unha das súas obrigacións, xa que está cobrando por ese posto.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que da forma na que se falou parece haber alma sindicalista e é para preocuparse e poñerse a tremer. Di que se non asistiu ás comisións foi porque non puido, e o Sr. presidente sábeo, pero preocupouse por saber que sucedera e non ten coñecemento de que o Sr. Gómez Pérez achegase algunha idea nas comisións. En canto ás descualificacións espera que cando o Sr. Gómez vexa que descualifica a alguén llo diga sen ningún tipo de problema e xa se clarexará o que sexa preciso. El só dixo que se fixo un discurso político sobre un tema como a aprobación do Plan de organización dos recursos humanos e pensa que si se pode facer política neste punto, pero non se pode facer política fóra dos asuntos que nos ocupan, que é ós que nos debemos cinguir. En canto á relación de postos de traballo di que é un documento que está pactado coas organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación, e a conferencia que deu o Sr. Rodríguez Puga é unha declaración de intencións que nin lle parece ben nin lle parece mal. O grupo de goberno presenta esta política de persoal da Deputación cun obxectivo moi claro que é acadar unha maior eficiencia e unha especialización na xestión, ademais de redimensiona-la administración provincial, reduci-lo gasto público e incrementa-los servizos que se lles poidan prestar ós concellos potenciando as políticas de cooperación. Para 2013 o orzamento de persoal da Deputación ten unha redución de 1,3 millóns de euros que leva consigo un obxectivo que é optimiza-lo custo de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

recursos humanos e acadar unha maior eficiencia na prestación dos servizos. A RPT vai redimensionar tanto o Cadro de Persoal como o Cadro Laboral a través da amortización de 28 prazas vacantes co obxectivo de racionaliza-la estrutura organizativa. A isto únense outras medidas como a unificación do parque móbil; a creación dunha sección de avaliación do rendemento; a creación de postos destinados a impulsa-la e-administración; a potenciación da formación dos empregados públicos para logra-la maior eficiencia en cada lugar de traballo; a creación dunha nova estrutura do ente provincial con áreas como administración xeral, facenda, benestar, medio ambiente, infraestruturas, cultura e deporte, etcétera, que é facer toda unha aposta pola eficiencia na xestión. A RPT de 2013, a diferenza das anteriores, supón todo un punto de inflexión na ordenación de recursos humanos da administración provincial, perseguindo unha nova planificación cunha maior eficacia na prestación dos servizos públicos provinciais. Cabe advertir que as modificacións introducidas na RPT non esgotan a necesidade de continuar cun proceso de reestruturación aberto dentro do Plan Ourense 92. Unha liña de acción que vai orientada en torno a criterios xerais, como a redución do gasto público de conformidade co establecido na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sen prexuízo dunha perspectiva cualitativa que é preciso acadar un maior grao de tecnificación e cualificación da administración provincial, mediante a incorporación de persoal técnico imprescindible para mellora-la prestación dos servizos provinciais. En todo caso, o que se quere acadar é unha organización máis racional e eficiente á vista das posibilidades que ofrecen os efectivos dispoñibles.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que o seu grupo vai votar en contra da RPT 2013.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia tamén o voto en contra do seu grupo. Di que o Sr. vicepresidente e hoxe portavoz do Grupo Popular nin sequera coñece a área da que é responsable, porque critica ó compañeiro do BNG cando se estaba referindo a un texto que presenta o mesmo grupo de goberno e isto parece unha tomadura de pelo. Poderá demostrar no debate do seguinte punto da orde do día que o Sr. vicepresidente non coñece o orzamento da Deputación, porque lle vai facer preguntas que non saberá responder. Cre que se o Sr. vicepresidente non puido asistir ás comisións o menos que debería facer era le-los documentos como fixeron eles, aínda que lles cheguen

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

tarde, mal e arrastro e aínda así son quen de prepara-los asuntos. Di que aceptan sindicalista como apestado e que el ten alma de sindicalista. Reitera o descoñecemento do documento do Sr. vicepresidente e dille por tal motivo que non pode pedir que se acheguen ideas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que as ideas se teñen e nas crenzas estase, e pensar se coñece ou non coñece o documento é unha cuestión do Sr. Gómez Pérez. Di que non lle chamou a ninguén sindicalista neste sentido e o único que lle foi que igual ten alma de sindicalista porque deu unha alternativa a algo aprobado pola Mesa Xeral de Negociación. Sabía que o Sr. Gómez Pérez ía critica-la entrega de documentos porque na comisión informativa xa o fixo así e fai unha relación da documentación que se lles remitiu ós grupos tanto o día 1 de decembro para as comisións informativas do día 5 como á que se lles remitiu o día 7 de decembro para este Pleno, dada a protesta do Sr. Gómez Pérez. Non vai facer ostentividade de se ten ou non ten ideas, en todo caso trátase de falar da relación de postos de traballo e non vai le-lo documento enteiro porque xa obra en poder dos señores deputados.

Non se producen máis intervencións e a Presidente somete a votación a Relación de Postos de Traballo 2013, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente a Relación de Postos de Traballo 2013 do persoal da Deputación Provincial de Ourense, segundo o documento que consta no expediente.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 15 días hábiles, o documento inicialmente aprobado, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estar serán resoltas polo Pleno.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2013.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga para o debate do orzamento do exercicio 2013.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que os orzamentos da Deputación para 2013 son continuistas, irracionais, ineficientes ineficaces e seguen a debuxar á Institución como unha máquina de dilapidar diñeiro público. A primeira gran cuestión ten que ver co papel das deputacións en xeral, e desta en particular, e co reforzamento e potenciación de estruturas administrativas absolutamente prescindibles, que responden a unha estrutura caduca xa que ese deseño institucional se corresponde cunha visión centralista do exercicio do poder, hoxe xa desfasada e incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e reparto competencial. Estes organismos serviron e serven para alimenta-lo clientelismo político. Unha porcentaxe elevadísima dos orzamentos desta Deputación é absorbida polos gastos de funcionamento da propia institución e só unha parte moi cativa se destina a investimentos (apenas o 15% do total) e pola contra, dedicará case que o 12% a amortizar débeda, que na actualidade ascende a 56 millóns de euros. Contra toda lóxica a Deputación, lonxe de adelgaza-la súa estrutura, ve reforzado o seu papel competencial, mesmo asumindo, por imperativo legal, competencias impropias como o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar Básico para as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes. Competencias que desenvolve de maneira absolutamente discrecional atendendo a criterios partidarios, como quedou patente no reparto dos fondos ós distintos concellos. Pero esta asunción do SAF básico, que supón unha achega económica de 1,7 millóns de euros ten contrapartida, e esta condiciona a lectura dos orzamentos ata tal punto que debuxa uns orzamentos irrealis, sofisticadamente deseñados. É certo que a Deputación asume unha competencia que debería de asumi-la Xunta, pero esa contraprestación ten premio ó compensarse cunha achega da Xunta, extraorzamentaria, a través dun convenio de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, dunha subvención de 1,2 millóns de euros para a contratación de 133 traballadores e traballadoras. Estas contratacións, en resposta a unha pregunta do BNG, son compatíbeis coa aplicación do RD 20/2011, do 30 de decembro, ó financiarse cunha subvención pública e non producir incremento de gasto no capítulo I. É dicir, este elemento novidoso permite a contratación por parte da Deputación xustificando que non se contrata porque non se incrementa gasto nesa partida e isto é falso. Estamos asistindo a un cambio no xeito caciquil de contratar, pasando do estilo decimonónico do anterior presidente ó estilo de deseño, cunha administración amiga como a Xunta de Galicia e con máis glamur.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Este proceso queda baixo sospeita desde o primeiro momento: primeiro comunícaselles ós aspirantes que foron avisados que se presentasen na Deputación nun prazo de tempo récord e non saben nin sequera para que é (escurantismo no proceso); segundo, en sesións maratonianas de nove da mañá a nove da noite desfila a xente convocada para presentar currículos e ser entrevistados. Na entrevista, por poñe-lo caso dun psicólogo, fanse preguntas tan insólitas como ¿vostede é coñecedor dos servizos sociais? (para un psicólogo este tipo de servizos é esencia) ¿quén pensa vostede que é o responsable máximo dos servizos sociais dun concello?, pensa que se se chegan a presentar Sigmund Freud ou Tierno Jiménez a este proceso non o pasaban. Este proceso foi os días 29 e 30 de outubro, e o día 30 pola tarde, ás nove da noite, comunícaselles ós aspirantes que as listas de admitidos e admitidas serán publicadas o día 31. Saen as listas cos nomes dos seleccionados sen ningún tipo de puntuación e o resto dos aspirantes nin se mencionan e non saben en que posto quedaron pola puntuación alcanzada. Non se sabe como se seguiu un baremo ou non. Pensa que aínda que só se revisasen os currículos presentados (que só valían 1 punto) non habería tempo material para valoralos todos dun día para outro e sacalas listas ó día seguinte. Todo iso suscita a dúbida sobre a limpeza do proceso. Despois de pasado o proceso sóubose que a puntuación era: 3 puntos a entrevista, 1 punto o currículo e 3 puntos ter traballado na Deputación. Polo tanto, viva o principio de obxectividade, viva o principio de concorrencia competitiva, a igualdade de oportunidades, a adxudicación de postos blindada só para aquelas persoas que traballaron na Deputación. Ben é certo que non paga a Deputación, que non están no Cadro de Persoal, pero é a Deputación quen decide quen son os agraciados. Isto é unha cacicada maquillada co financiamento da Xunta. E por certo, moitos e moitas destes traballadores e traballadoras contratados están facendo labores que nada teñen que ver con Servizos Sociais. A segunda gran cuestión é que a Deputación, trala descrición que se fai na memoria asinada pola Presidencia, está nunha situación económica de quebra técnica, pois non é posíbel xestionar unha institución que acumula unha débeda viva de máis de 56 millóns de euros, que ten que dedicar unha parte importantísima dos cada vez máis escasos recursos ó pagamento de débeda, a gasto improdutivo e a seguir mantendo unha maquinaria funcional que segue a ser excesiva, cuestión que, todo hai que dicilo, é a herdanza recibida polos antecesores, produto dun esquema clientelar que se foi creando ao longo de sucesivos anos ata convertelo nun

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

monstro de extraordinarias proporcións. Esta situación é a que obriga a acometer un plan de axuste para poder facer fronte ó pagamento a provedores e acudir a un crédito de 3,4 millóns de euros. Esta decisión trae como consecuencia a necesidade perentoria de acometer unha política de redución e contención do gasto que vai obrigar a formalizar, por primeira vez na historia desta Institución un ERE, de cuxo alcance aínda non teñen coñecemento. Por mais que agora o presidente queira facerlle un “lifting”, a realidade é que a Institución vese devorada polo enorme peso do capítulo de persoal, que consume o 41,94% do orzamento (sen contabilizar o 1,2 millóns de euros do convenio coa Xunta, que elevaría o capítulo de persoal), e supón case que un 1 % superior ó ano 2012, polo que dificilmente podemos convir que este orzamento sexa un orzamento que aplica a máxima da austeridade e da redución de gasto público en materia de persoal. E non esquezamos que a meirande parte da redución neste capítulo ven pola vía da amortización de prazas e supresión de categorías profesionais (28), como consecuencia da imposibilidade legal de sacalas a oferta de emprego público. Non obstante é de salientar que aumenta a partida para persoal de confianza de xeito moi importante, pasando dos 141.720 euros de 2012 ós 227.000 consignados en 2013. A terceira cuestión que xorde da lectura destes orzamentos é que esta Institución é hoxe, patrimonialmente falando, máis pobre que hai anos, por canto foi descapitalizándose progresivamente, desprendéndose dunha parte importante do seu patrimonio, nalgún caso do patrimonio de tódolos ourensáns (Fincas Santamariña, Docasar e Miramón), que xustificou a creación dunha sociedade urbanística, Urbaourense, que ía se-la panacea para a Deputación, empresa que vai deixar un burato de nada máis e nada menos que de algo máis 22 millóns de euros, ou máis recentemente operacións como a privatización dos centros ecuestres de Vilamarín e Hipódromo de Antela (en vías), con alugueiros a prezo de ganga, iso si, asumindo a Deputación, nunha operación de enorme rendibilidade para as arcas provinciais, ó persoal co que contaban. Dentro deses plans, presentados ós catro ventos por parte do presidente, e dentro desta nova política de reestruturación e redifinición da administración destaca unha das decisións para o BNG mais controvertida de cantas se teñen tomado nesta Institución, e non é outra que a futura privatización da recollida de lixo, prevista para xuño de 2013. Está a falar dun servizo que responde ós obxectivos desta Institución, de cooperación cos concellos, que conta cunha boa valoración, e que move arredor de 6 millóns de euros/ano, o que o fai que sexa un

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

caramelo apetecible, desde o punto de vista económico, máxime cando toda a estrutura xa está montada. A Deputación foi durante todos estes anos sumando concellos ó servizo de recollida do lixo, cun resultado favorable para os concellos, para agora, cando o anaco de torta e substancioso, ofrecerlla a unha empresa que estea disposta a meterlle o dente, e seguro que habela haina. A cuarta cuestión ten que ver coa perda de protagonismo da Deputación no concerto provincial, galego, estatal, e mesmo internacional, papel que ó seu xuízo foi diluíndose ata quedar reducido á nada. O abandono do padroado da Fundación Feiras e Exposicións, a saída do accionariado de MEISA, a baixa da Deputación Provincial na Sección de Municipios de Augas Minerais e Termiais da Federación Española de Municipios e Provincias, por máis que agora o presidente fale de proxectos termiais e destine 100.000 euros para un plan de termalismo, que non ten ningunha concreción, o abandono do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, etcétera, son algúns exemplos do que está a falar. A quinta cuestión ten que ver coa pretendida e non conseguida austeridade no gasto. Esta Institución segue a devorar diñeiro público de xeito imparabile, a través de organismos como o Teatro Principal, cuxo orzamento de gasto para 2013 ascende a 921.235,68 €, dos cales preto de 400.000 euros (383.836) van destinados ó pagamento de persoal, nas súas diferentes modalidades, o que supón o 42% do total, porcentaxe que se incrementa substancialmente respecto do ano anterior (37%). Como contrapartida, as previsións de ingreso quedan reducidas a apenas 60.000 euros, que se ven compensadas co gasto de máis de 45.000 euros só en concepto de gasto de auga, luz e produtos de limpeza. A aposta pola cultura e polo patrimonio debece notablemente. Redúcense as partidas de gasto para agrupacións corais e musicais (de 15.000 a 3.000 euros), para bandas de música (de 3000 a 1000 euros), de patrimonio histórico artístico. No tocante á promoción e fomento do deporte, teñen que felicitalo por introducir novas dinámicas no capítulo de subvencións. O BNG sempre defendeu que había que ir reducindo o capítulo de subvencións nominativas (que aínda se manteñen para os dous principais clubs da provincia por idéntico montante que o ano pasado), en beneficio da concorrência competitiva. Por iso, congratúlase de que esta Presidencia tivese a sensibilidade de recoller nos orzamentos unha vella demanda dos grupos da oposición. Tamén hai que dicir que as partidas que se introducen este ano non son novas, pois ata o ano pasado sempre tiveron dotación orzamentaria (convén lembrar que en 2011 as becas a deportistas tiñan unha dotación de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

35.000 euros e as subvencións deportivas 500.000, é dicir o dobre que agora), ata que no 2012 o seu antecesor decidiu suprimilas, aínda que se incorporou, aló polo mes de xullo, vía crédito extraordinario, unha partida de 150.000 euros para subvencións a entidades deportivas. Tamén é certo que das entidades que ían pola vía das subvencións nominativas (Ponte Ourense, ABO, Club Atletismo Academia Postal) pasarán a engrosa-la partida das subvencións a entidades deportivas, polo que o montante real de subvencións ven sendo o mesmo que o ano pasado, e ó final as subvencións non repercuten no deporte base, senón que seguen sendo os mesmos os que se benefician. No programa destinado a desenvolvemento rural, antes denominado servizo de agricultura e gandería, aumenta de xeito significativo o capítulo destinado a gasto de persoal, pasando de 844.731 euros en 2012 a 940.458, o que supón un incremento considerable, froito, entre outras razóns, do gran negocio feito por parte desta Institución para a privatización dos distintos centros ecuestres, xa explicado anteriormente. O BNG leva batallando desde hai anos para que a Deputación se desprendera de servizos impropios que estaban a xerar un gasto elevadísimo e, en consecuencia, un déficit para a Institución. Congratúlalles que o fixera, aínda que a forma de facelo supoña nulo aforro, ó ter que asumi-la Deputación o persoal, pór en mans das empresas privadas un patrimonio importante, no que a Deputación investiu enormes cantidades de diñeiro público, tendo como contrapartida un escaso ou nulo beneficio económico. Por outra banda, a Deputación deberá, neste proceso de reestruturación, desprenderse de servizos como as distintas granxas, que o BNG ven demandando desde hai tempo, por ser servizos impropios, e por que entenden que se deberían inicia-las conseguíntes negociacións coa Xunta, ou cos concellos interesados para chegar a un acordo sobre o seu traspaso. Capítulo especial merece o INORDE, organismo autónomo dependente da Deputación que ve reducida a súa partida en 887.285 euros, quedando o total do programa de gasto en 1.000.000 de euros. Esta redución é a constatación de varias cousas: Primeiro, de que o propio Partido Popular, co seu presidente á cabeza, non cre nel, porque non só non se redimensiona coa supresión do Padroado Provincial de Turismo e Urbaourense, senón que queda reducido á nada. Segundo, da inutilidade deste organismo, que durante tódolos anos de existencia, serviu para establecer un *chiringo* onde poder colocar a multitude de persoas, todas elas, vinculadas ó PP. Baste ver que o orzamento do INORDE previsto para 2013 é de 1.166.964 euros, dos que 893.000 euros van destinados a

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

gasto de persoal e unicamente 3.000 euros son destinados a investimento real. Isto é francamente escandaloso e aquí é onde se ve a Ourensanía. O BNG pide, ó igual que aconteceu co Padroado Provincial de Turismo, a súa disolución. En terceiro lugar, a gran cantidade de fondos, librados pola Deputación Provincial, non se notan, 25 anos despois, na contribución do desenvolvemento económico da provincia de Ourense, e a mellora dos parámetros da provincia e dos seus cidadáns. Cuarto, moitas das funcións do INORDE, especialmente no que ten que ver coa xestión de recursos europeos, solápanse coa existencia de servizos dentro da propia Deputación que teñen unha idéntica finalidade. No programa de gasto relativo a vías provinciais observan que hai un incremento considerable no que ten que ver con estudos e traballos técnicos feitos fóra da Institución, pasando de 50.000 a 130.000 euros, o que resulta unha cuestión dificilmente entendíbel, dado o numeroso persoal co que conta esta Institución. Tamén hai unha redución considerable na mellora da estrada A Peroxa-Coles, que pasa de 250.000 a 100.000 euros. Do mesmo xeito, valoran a implicación da Deputación no Plan de cooperación, que aumenta significativamente, e que agardan siga guiándose polos mesmos criterios que ata o de hoxe na súa adxudicación. Tendo en conta que a Deputación conta non seu parque de vehículos con máis de 300 vehículos, de diversa índole, non queren deixar pasa-la oportunidade de cuestiona-la formula escollida polo presidente, de *renting*, explicitada no seu día no Plan Ourense 92 de adquisición de vehículos para o parque móbil, fórmula que ó seu entender, e segundo os datos contrastados con distintos concesionarios de vehículos, supuxo nunha recente adquisición un sobreprezo no lote dos vehículos adquiridos de máis de 120.000 euros durante a duración do contrato.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, cre que un pleno para debate-los orzamentos ten que ser aberto e non cingirse tanto ás quendas, e así se acordara e cre que é de recibo facelo. Dille ó portavoz do Grupo Popular que poida que diga as mesmas cousas que o ano pasado, pero é que el o ano pasado nin sequera debateu. Lembra que cando se tratou o Regulamento da Deputación un dos temas dos que se falou foi o debate dos orzamento e chegarase ó acordo de que as quendas de intervencións serían máis longas, xa que é un pleno complexo polo seu contido e pola súa transcendencia e máis neste caso, porque a Deputación vai facer un EDC. Pregúntalle á Presidencia por qué cambiou o horario deste pleno para as doce da mañá. Tamén lle pregunta se esta actitude se

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

corresponde co feito da coincidencia da data do 12-12-12 ás 12 da mañá ou co inicio da incursión nas redes sociais do Papa e se isto é así ó seu grupo pareceríalles unha frivolidade. Faise responsable das súas verbas nas que cualificou o cambio de horario do Pleno como unha *fricada*. Usar coloquialmente o termo *friqui* é para referirse a unha persoa cuxas afeccións, comportamentos e demais resultan extravagantes ou extrafalarias. Ó mellor tamén se cambiou o horario para que o debate non sexa moi longo e así non poderlles canta-las corenta. Espera que lles dea unha resposta convincente e supón que os medios de comunicación estarán atentos á explicación que dea, porque seguramente tamén terían agradecido que non se cambiase o horario deste pleno. Manifesta que como o Sr. Fernández Fernández non compareceu nas comisións pensou que tampouco ía comparecer neste pleno e íalle pedir que xustificase o seu soldo, pero felicítalo por defender el hoxe este debate. Pero á vez que o felicita quere dicirlle que as ideas as ten que expoñe-lo grupo de goberno que para iso cobran e teñen que gobernar. A oposición está para fiscalizar ó grupo de goberno e dicírlle-las cousas que fan mal. Ademais, non lles vale de nada achegar ideas porque nunca lles fan caso, e se llo fan é por necesidade. O portavoz do Grupo Popular, que nin sequera coñece os orzamento, tampouco sabe preguntar polos datos que se lle preguntan, porque moita da documentación que dixo que chegara o día 29 chegou o día 1 por correo electrónico ás 10:47 da mañá, á mesma hora que lle presentaba o orzamento ós medios de comunicación. En canto ó debate dos orzamentos, empeza referíndose ó capítulo I, que é o destinado a gasto de persoal, que ascende a 27.814.622 euros, o que supón un 41,94% do total. Malia que se intenta da-la imaxe de que isto mudou moito, a realidade dos números non é así, porque o orzamento total baixa un 6,6% con respecto ó ano anterior. Porcentualmente gástase máis en persoal que o ano pasado, isto tendo en conta que é o que se presuposta ó principio do ano, porque esta casa ten o costume, sobre todo se coincide en procesos electorais, tanto externos como internos (estes últimos cando son dentro do propio Partido Popular) de aumenta-lo gasto ó final do ano. Por exemplo, no ano 2009 todos tiñamos enriba da mesa unha crise galopante, e nesta Deputación se orzamentou no capítulo de persoal unha cantidade de 28.287.456 euros e ó final do exercicio liquidouse a cantidade de 34.742.000 euros, ou sexa, unha “ridícula” cantidade de 6.450.000 euros máis do orzamentado. Os grandes responsables e grandes administradores que son os señores do Partido Popular, gastaron máis de 1.000.000 de pesetas máis das orzamentadas en persoal.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

En 2010 gastaron 4.700.000 euros máis dos orzamentados en persoal e aínda por riba queren dar clases de austeridade. Cando o seu grupo di que se vende fume e que se fan fogos de artificio con respecto á política de persoal desta casa non están actuando con frivolidade e non están a xogar con lamentables noticias que supoñen o despedimento de 32 persoas, cuxa xustificación vai ser unha nefasta e dilapidadora política de diñeiro público. Esta non é a solución desta institución porque esta é unha improvisación lamentable. No pasado pleno o Sr. presidente dixo que non estaba en condicións de dicir se se ía aplicar un ERE na Deputación e o luns seguinte faino público, pregúntase se iso é improvisación, unha chapuza ou unha tomadura de pelo, porque estamos falando de persoas. Cómo é posible que os representantes da Xunta de Persoal digan que se informaron pola prensa (por certo, igual que a oposición). Non van actuar con frivolidade con este tema, como insinuou o Sr. presidente, pero que ninguén se equivoque, porque eles non se poden alegrar dos despedimentos de ninguén, pero son consecuentes co que dixeron no pasado e co que seguen a dicir. Non poden aplaudir estas decisións porque son froito da forma de xestionar esta casa por parte do Partido Popular ó longo de moitos anos, unha forma clientelar, dilapidadora onde se premian máis as vinculacións co partido e coa súa política que as necesidades de cubrir postos de traballo nunha administración sobredimensionada. En definitiva, o Partido Popular utilizou ás persoas para os seus fins partidistas e as consecuencias dos seus excesos afectan a persoas. E agora, por necesidade de operación estética, son novamente utilizados estes traballadores como coartada para dar solución á mala economía desta casa. Pensa que estes afectados deberían pedir explicacións pola falta de información e polas formas utilizadas. O Grupo Socialista fai seu o titular que fixo algún medio de comunicación a nivel estatal estes días que é o seguinte: *a Deputación do enchufismo é a primeira en aplicar un ERE*. Isto significa que sen a primeira cualificación (Deputación do enchufismo) non habería que chegar a esta última opción, porque se fosemos unha administración seria e racionalizada non sería necesario o ERE. A verdade é que o EDC que quere aplica-lo Sr. presidente é un engano destes orzamentos por diversas razóns. O Grupo Socialista sempre dixo que esta Deputación estaba chea de excesos que levaban aparellada unha excesiva contratación de persoal. Pregúntase como se pode expoñer un EDC cando, por outra parte, neste orzamento se crean novas prazas de persoal, entre elas créase unha praza denominada Asesor técnico da Presidencia que lle vai custar a

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

esta casa 80.000 euros ó ano, e isto é unha tomadura de pelo para a propia institución e para as persoas que se despiden, dilapidando diñeiro neste tipo de contratacións. A eficacia nesta casa non existe e ademais agora está disfrazada con nova dialéctica, iPods e power points. Seguindo cos excesos desta casa, preguntalle ó Sr. presidente se non lle parece que o problema do gasto do persoal é outro, xa que neste desaguizado que montaron se dan as seguintes peculiaridades, que serían a envexa de calquera traballador da función pública: nesta Deputación traballan 76 persoas que teñen un custo para esta institución de máis de 50.000 euros ó ano, e algún máis de máis de 60.000 euros. É obvio que non é culpa dos traballadores, agora ben, existen casos como o do Sr. secretario ou o da Sra. Interventora que os seus salarios, por produtividade e responsabilidade, están máis que xustificadas. Reitera a praza de asesor que se crea cun custo de 80.000 euros ó ano e expón a idea de que posiblemente haxa nesta casa xente cualificada dabondo, ou polo menos os seus salarios así o xustifican, para evitar contratar a ningún asesor máis. Co custo deste asesor poderíase evita-lo despedimento de catro persoas.

Prodúcese un diálogo entre **o Sr. presidente e o Sr. Gómez Pérez** en canto ó tempo de intervención no debate, porque neste momento o portavoz socialista xa se excedeu no tempo regulamentario. Ante as protestas do portavoz socialista, o Sr. presidente di que no Regulamento se recolle que as quendas de debate no orzamento son unha primeira de 15 minutos e unha segunda de 8 minutos, polo que xa rematou a quenda de intervención do portavoz socialista.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que lle prescribe ó Sr. Gómez Pérez o bálsamo de *fierabrás* que cura ó instante calquera ferida. En canto a que el non coñece o orzamento ou non ten ideas, dille ó Sr. Gómez Pérez que é certo que non ten ideas, só ten palabras e silencios, sobre todo para a demagogia que está facendo. Estamos debatendo os orzamentos para o ano 2013 e falouse de todo menos diso. O Sr. Gómez Pérez non coñece o Regulamento da Deputación, porque no pleno pasado mandou marchar ós progresistas que ten ó lado, cando o Regulamento di moi claro que se poden emenda-las mocións, e por certo, deste pleno forman parte dous concelleiros do Concello de Ourense e alí si que o fan. En canto a que non lle chegou o tempo ó Sr. Gómez Pérez para debate-lo orzamento, dille que botou máis de cinco minutos falando do horario da sesión, e, por se non se deu conta, dille que este é un pleno extraordinario, e polo tanto

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

non ten por qué coincidir co horario ordinario. Pregúntase a que ven comenta-la incursión nas redes sociais do Papa neste debate. En canto que el non compareceu nunca, di que xa compareceu máis veces, porque, entre outras, tivo a responsabilidade de presidir este pleno en varias ocasións. O portavoz socialista dixo que había crise no ano 2009 e o Sr. Zapatero negaba iso, dicindo que eran uns antipatriotas os que o dicían, xa que a economía española tiña un plus de resistencia. O grupo de goberno congratúlase de que a Deputación Provincial de Ourense traia estes orzamentos ó Pleno adaptándose á normativa e á lexislación antes de que remate o ano, outras institucións que non están moi lonxe de aquí aproban os seus orzamentos cando xa se levan executados máis do 80%. Parece ser que a humildade, a xestión e o respecto á lei non se deben levar moi ben co socialismo. O profesor Fuentes Quintana (ministro da UCD da transición) dicía que un orzamento é un plan económico dun grupo político, e o orzamento que se vai aprobar hoxe é o plan económico do grupo político de goberno para o ano 2013. Un dos principios económicos dun orzamento é a limitación do gasto público que é un consumo improdutivo, polo que se debe reducir ó mínimo posible. Neste principio se basea o esforzo da Deputación Provincial, nun orzamento realista e centrado nos servizos propios que non deixa marxe para o gasto improdutivo. Debido á diminución das achegas do Estado e da Unión Europea, preséntanse uns orzamentos que ascenden a 66.307.000 euros, un 6,64% menos que no ano 2012. Quere destacar que por primeira vez a Deputación Provincial de Ourense destina máis de 10 millóns de euros de recursos propios para investimentos. Estes orzamentos están feitos coa vista posta na crise, pensados en clave social para as persoas e para os sectores económicos máis desfavorecidos desta provincia, e tamén para os sectores que permitan levar a cabo iniciativas que atraian riqueza a Ourense. A área prioritaria para a Deputación Provincial de Ourense no ano 2013 será a de Servizos Sociais, onde se incrementan as partidas e onde se continuará desenvolvendo o Plan Benourense magnificamente presentado no seu momento polo Sr. presidente. Levaranse a cabo accións neste eixo de estratexia operativa no Plan Ourense 92. Para servizos sociais destínase 1.700.000 euros, asumidos directamente con recursos propios da Deputación Provincial fronte os 350.000 euros do ano 2012 (un aumento dun 485%), esta cantidade repartirase entre o plan de servizos sociais (850.000 euros), a teleasistencia (460.000 euros), e axudas benéfico asistenciais (150.000 euros) e para diferentes convenios para programas sociais de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

entidades sen ánimo de lucro (140.000 euros). Comprende que a oposición ignore todo isto porque lle interesa para facer outro tipo de política. De ningunha maneira o grupo de goberno vai obvia-la cooperación cos concellos, e no que atinxe ó plan provincial de obras e servizos, cabe destacar que, se ben a Deputación ten que asumir en solitario esta partida, non van deixar desasistida a importante parcela de apoio ós concellos, pois a cooperación cos pequenos concellos é a palabra clave, a palabra *fulcral*, que é a que ten que presidi-lo orzamento dunha Deputación, inmediatamente despois dos servizos sociais (estas palabras que configuran esta rotunda afirmación son do Sr. presidente na presentación do orzamento). Á oposición non lle gusta que o presidente presente os orzamentos antes de darllos a coñecer, e nunha institución que hai a escasos metros de aquí o fan aínda peor porque nin sequera se lles entregan unha liñas de elaboración do orzamento, e cando protestan a contestación é a seguinte: *mandamos nós*, nin sequera din gobernamos nós. Continuando co orzamento di que se o analizamos no eido do medio ambiente, outra área moi importante para a Deputación Provincial, seguirase a potenciar cun esforzo investidor que ascende a 3.203.152 euros, que se repartirán entre xestión da auga, saneamento, recollida de residuos sólidos urbanos e o Consorcio de Augas de Valdeorras. No que atinxe a clubs deportivos aumenta máis do 40% a súa dotación, pasando de 300.000 euros en 2012 a 500.000 euros en 2013, en réxime de concorrencia competitiva. O Pazo dos Deportes Paco Paz contará cunha partida de 1.367.000 euros, e manteranse as axudas ó Club Ourense Baloncesto, ó Club Deportivo Ourense, ó Rally de Ourense, etcétera, á parte doutras axudas complementarias que serán destinadas a bolsas de deportistas e ás Copas Deputación. Unha das novidades do orzamento é unha partida específica para o termalismo, con máis de 100.000 euros, que se destinará á planificación e posta en marcha do plan termal provincial cuxos obxectivos son o benestar termal e fomento de competitividade, partidas específicas que son o obxectivo e a aposta da Deputación Provincial, que se enmarcan dentro dunha redución significativa no apartado de transferencias de capital do Estado e Fondos Europeos, que se rexistra nun descenso do 60% , pasando de 8 millóns de euros en 2012 a 2,3 millóns en 2013. No que atinxe a gastos de persoal a cifra redúcese en 1,3 millóns de euros con respecto a 2012, pasado de 29.125.000 euros a 27.814.000 euros. Tamén se reducen nun 10% as axudas que perciben os deputados por asistencias. En canto ó INORDE, di que este organismo tamén capta recursos, e en alugueiros de estacións

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

recupera 26.000 euros, en prezos públicos en laboratorios e centros 29.000 euros, en venda de animais 5.800 euros, da Consellería de Traballo acada 9.153 euros, da Consellería de Medio Rural, en proxectos europeos, convenios de negociación coa Xunta de Galicia, e en total o INORDE en recursos acada 1.102.021 euros, en 8 anos captou 60 millóns. A verdade é que cando non se pode convencer coa razón se tende á confusión, pero os orzamentos de 2013 manteñen tres prioridades para esta Institución Provincial: servizos sociais, medio ambiente e cooperación cos concellos. En canto a persoal de confianza e asesores porque esta Deputación Provincial é a Deputación con menos asesores das deputacións de Galicia, baste dicir que a de Lugo, gobernada polo BNG e o Partido Socialista, ten 27 asesores. Estes son uns orzamentos realistas, adaptados ó momento, onde se fai máis con menos, levando a palma os servizos sociais e a cooperación cos concellos. Lembra que o ano pasado se criticou a teleasistencia prognosticando que ía desaparecer este servizo, pero este ano non a critican. Para rematar esta primeira intervención di que na segunda falará do orzamento por capítulos.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que parece que agora son as matemáticas as que menten. As cousas están claras e hai 1,2 millóns de euros para contratación de 133 traballadores e traballadoras para servizos sociais (dos que algúns non están facendo labores que teñan que ver con eses servizos) que solapan o orzamento no capítulo 1. No INORDE gástanse 893.000 euros en persoal; 3.000 euros en investimento real, por non falar do lastre que levamos arrastrado pola nefasta política de varios anos, nos que non houbo iniciativas para o desenvolvemento económico de Ourense. Non vai repetir a mesma argumentación de antes, pero o BNG, como parte da oposición, asume que nas actuais circunstancias de crise económica os xestos por pequenos que sexan son importantes, de aí que desde os poderes públicos, e nomeadamente desde esta Institución, debemos dar exemplo de austeridade. Por iso, concordan coa Presidencia en que aínda que a redución dun 10% aos grupos é máis simbólica que outra cousa, é unha medida coherente para os tempos en que andamos. Dito isto, non estaría de máis, que o presidente, levado por esta vaga de solidariedade cos máis afectados pola crise fixera o propio, e reducira o seu salario nunha proporción semellante. Estes orzamentos están deseñados en función do paradigma neoliberal, fixando un teito de gasto que é unha norma que é un mero refinamento da Lei de estabilidade orzamentaria, aprobada a nivel de Estado por imposición

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

da Unión Europea, norma que xa demostrou o seu fracaso no control do déficit público en tempos de crise e que supón un axustador para a Institución. En definitiva, o grupo provincial do BNG, aínda que valora que estes orzamentos incorporan novas dinámicas de xestión, algunhas delas demandadas ata saciedade ó longo de todos estes anos, considera que hai demasiados elementos que nos fan pensar que os orzamentos son unha continuidade dos anteriores, e reforza a súa teoría de que as deputacións son organismos absolutamente prescindibles e se hoxe desaparecese a Deputación non pasaría absolutamente nada. Se os recursos se destinasen ós concellos permitiríáselles duplica-los seus orzamentos e polo tanto ter mais recursos para investir e para xerar riqueza. Deste xeito conseguiríámolo obxectivo de unir racionalidade e austeridade de gasto público ó posibilita-lo traslado dalgunhas das funcións e servizos das corporacións provinciais a outras administracións locais ou autonómicas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ó Sr. Fernández Fernández que en defensa dos orzamentos levaría un 0 e na lectura levaría un 10. Di que non pode critica-lo desconto do 10% das asignacións ós deputados por asistencias porque está de acordo con el. Co que non está de acordo é con que tanto o presidente como o vicepresidente non o baixen tamén nos seus soldos. En canto ó INORDE pregúntalle ó Sr. Fernández se sabe que polas estacións se lle paga a ADIF o dobre do que pagan os arrendatarios. Non sabe de onde sacan ese millón de euros de ingresos, pero acometeron cun xesto inequívoco o labor que se realizou ata agora e non sabe onde se baixou o orzamento nun 50%. Isto quere dicir que nin a Deputación, que é a que nutre orzamentariamente a ese instituto, cre nel. É un escándalo que haxa un investimento de 3.000 euros e despois teñen asesores que figuran como persoal de alta dirección. Un deles o Sr. xerente que custa uns 75.000 euros e o outro o Sr. presidente, o Sr. Freire Couto, que custa 73.000 euros, en total son máis de 150.000 euros. Cre que un instituto que nin desenvolve a provincia nin a desenvolveu, non estaría de máis que desaparecera. Sen ningunha acritude persoal di que o Grupo Socialista ten chamado moitas veces ó INORDE aleatoriamente e o Sr. presidente nunca se encontra alí, ou é casualidade ou é que non cumpre coas súas funcións. O ano pasado dixo que o nivel de autofinanciamento do Paco Paz pode ser bastante axeitado (53%), gástase un 1.357.000 euros e prevense uns ingresos de 735.000 euros, habería que velo liquidado, pero en todo caso o nivel de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

autofinanciamento está ben. Neste EDC que se vai aplicar hai 4 monitores que parecen ser imprescindibles para ese servizo, e pregúntalle ó Sr. presidente se o fomento do deporte e un spa, actividades de baile latino ou outros estilos de danza, cre que hai que ser máis rigorosos. O Centro Cultural tamén soporta un gasto desorbitado e inasumible e seguen comprando cadros de moito valor. En canto ó Teatro Principal volvemos caer no que xa descubriu o Grupo Socialista o ano pasado, e o anterior presidente tamén se sorprendera, hai uns gastos de case un millón de euros e uns ingresos de 60.000 euros (0,6%). O seu grupo entende que a cultura ten que ser patrimonio de todos e accesible para todos e non se mide en termos de rendibilidade económica. No Teatro Principal dá a impresión de que a cultura é para uns poucos ós que lles pagan tódolos cidadáns. Diríxese ós alcaldes do Partido Popular, e ó seu presidente que é o alcalde dos alcaldes, e dilles que as deputacións se concibiron para darlles servizo ós concellos de menos de 20.000 habitantes, que son todos menos o da capital, e con eses datos e vendo os orzamentos que se presentan, invítaos a que pensen en que con 294 euros por habitante, recibirían miles de euros ó ano. Por exemplo: Barbadás 2.860.000 euros, A Rúa 1.387.000 euros, Baños de Molgas 537.000 euros, Avión 743.000 euros, Xinzo de Limia 3.037.000 euros, O Carballiño 4.150.000 euros, Ribadavia 1.600.000 euros. Visto isto, pregúntalles ós alcaldes se poderían asumir ó persoal que sobra nesta casa e que lle correspondería a cada un por poboación, poderíanse dar máis e mellores servizos ós veciños, aforrando os gastos correntes que se producen nesta institución. Despois desta reflexión que cada un faga as interpretacións que queira. O Sr. Fernández pasou o 90% do seu discurso dirixíndose ó portavoz do Grupo Socialista, cousa da que se alegra porque quere dicir que fixo dano na súa anterior intervencións, pero dos orzamentos non falou nada. Segue pensando que 15 minutos para debater uns orzamentos de 66 millóns de euros é unha ridiculez, pero se non se coñecen abonda o tempo (por exemplo, o Sr. Fernández non sabe que nesta casa se gastan case 600.000 euros en correos postais). Pensa que o mínimo que tiña que facer un vicepresidente económico era estudar os orzamentos, dado que cobra unha cantidade bastante elevada para poder defender isto unha vez ó ano, e se o responsable económico da Deputación non os coñece mal vai ir esta casa. No seu exercicio de oposición el si que fixo os deberes.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que el non é o portavoz do Grupo Popular nesta institución e que se non se dirixiu ó Sr.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Rodríguez Puga foi porque non estaba falando do tema que nos ocupa hoxe. O que non sabe o que di é o Sr. Gómez Pérez, porque dixo 240 euros por persoa e pídelle que lea a acta do Pleno do 16 de decembro de 2011, que é onde se aprobou o orzamento de 2012, na que mencionaba tamén o dos 240 euros por habitante (só lle faltou dicir que eran unhas 40.000 pesetas) e se os orzamentos diminuíron xa non corresponderán 240 euros por habitante. En canto a teleasistencia dille que na páxina 30 da mencionada acta do 16 de decembro de 2011 se recolle que dixo que se estaba suprimindo a teleasistencia para os maiores. Non vai entrar nas acusacións do Sr. Gómez Pérez en canto se coñece ou non coñece os orzamentos, pero si fai un resumo dos obxectivos dos orzamentos, que son os servizos sociais, o medio ambiente e a cooperación cos concellos. En canto ó endebedamento da Deputación, no ano 2013 prevese unha redución do 9%.. Neste contexto de crise que estamos a vivir, a política dos políticos e dos gobernos é priorizar, cousa que non é fácil cun 6,64% menos de ingresos que no ano 2012, por iso hai que facer máis con menos. Estes orzamentos priorizan as necesidades dos ourensáns nun escenario económico complexo e difícil, e non queren obviar que o contexto actual impulsa a afrontar responsabilidades e sentido común, a sabendas de que algunhas decisións, difíciles de tomar e de dixerir, son inevitables na realidade económica actual. O Grupo Popular fai políticas responsables e valentes, cousa que non fixo a oposición cando as tiñan que ter feito. Para concluír di que se practicou un exercicio de realismo cos orzamentos, que a medio prazo vai ser beneficioso para o conxunto dos ourensáns ós que se deben. En relación co Teatro Principal, non quere deixar de mencionar que a demagogia e terxiversación do Sr. Gómez Pérez non chega a límites, porque o ano pasado o anterior presidente recoñecera que o dos 20.000 euros fora un erro, e esa actitude non é informar, analizar e fiscaliza-los orzamentos.

Intervén o **Sr. presidente** para facer unha serie de precisións neste debate dos orzamentos por cousas que se dixeron por parte dos grupos da oposición das oposicións. En primeiro lugar di que non lle consta a presentación de ningunha emenda a estes orzamentos, nin polo BNG nin polo PSOE, como non sexa un papel en branco, que é a alternativa política que existe nesta Deputación.

Interrompe o **Sr. Gómez Pérez** para dicir que presenta unha emenda in voce á totalidade.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Continúa o **Sr. presidente** e di que, respectando a posición do BNG que non cre nas deputacións, nin nas provincias, nin no estado central, nin na Unión Europea, agradécelle que sacase o tema das contratacións en materia de servizos sociais e cooperación a través dun convenio asinado coa Consellería de Traballo e Benestar, e explica que hai 77 persoas traballando no Plan Benourense de servizos sociais e 55 dedicados á cooperación cos concellos. Na comisión para a contratación destes traballadores estaban representantes da Xunta de Galicia e da Deputación, e todo se fixo de conformidade coa legalidade, como non podía ser doutro xeito. En canto a alusión que fixo o Sr. Rodríguez Puga de que pasara algo no Liceo, di que mañá no Liceo se vai presentar un libro do expresidente do goberno bipartito da Xunta de Galicia. Lembra que ese presidente adoitaba face-las cousas normalmente, como cre que se deben facer: o grupo de goberno presenta unha liña de orzamentos ante os medios de comunicación, e despois llos remite á corporación ou á cámara respectiva. Amosa unha fotografía do Sr. Pérez Touriño na súa última presentación e di que tamén aparece un power point o seu lado, polo que non sabe se será o rei dos power point. Di que sería bo que asistiran ó Liceo para poder descubri-las interesantísimas conclusións ás que chegou o Sr. Touriño despois de pasar polo goberno. Durante os catro anos que estivo de presidente na Xunta de Galicia sempre lle presentou á prensa os orzamentos antes que no Parlamento e dá algunhas datas nas que o Sr. Touriño lles presentaba os orzamentos á prensa e posteriormente as do rexistro do Parlamento. Estes son uns orzamentos moi importantes e axustados á realidade, nos que se producen unha baixa de ingresos tanto do Estado como da Unión Europea de máis dun 6%, o que dá o resultado de que en cinco anos pasemos de 86 millóns de euros ós 66 millóns deste ano, 20 millóns menos. Gástase 1.200.000 euros en persoal, hai unha baixada importante; rebáixanse nun 72% as subvencións nominativas ; apóstase máis polas axudas a clubs deportivos e ás entidades sociais (un 40% máis), todas elas en concorrencia competitiva; tamén se fai un investimento de máis de dez millóns de euros. Quere que conste en acta que unha vez coñecidos os datos da liquidación do orzamento de 2011 das catro deputacións galegas, a única que presenta un saldo positivo é a Deputación de Ourense e a que peor saldo negativo presenta é a Deputación de Lugo, alcanzando os 53 millóns de euros.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2013, que foi

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

ditaminado favorablemente pola comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2013, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal.....	27.814.622,96 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	15.270.249,97 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	1.806.424,56 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	5.046.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	10.041.174,97 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	877.058,29 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	5.151.469,25 €
TOTAL GASTOS.....	66.307.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 1.- Impostos directos.....	2.500.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos.....	5.766.259,14 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	55.096.583,35 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	292.262,75 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	51.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	2.300.894,76 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	0,00 €
TOTAL INGRESOS...	66.307.000,00€

B) INORDE.-

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal.....	860.563,88 €
Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos.....	303.400,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	3.000,00 €
TOTAL GASTOS.....	1.166.963,88 €

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

Estado de ingresos

Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos.....	44.800,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.091.163,88 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	31.000,00 €
TOTAL INGRESOS.....	1.166.963,88 €

C) URBAOURENSE, SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE OURENSE, SA.-

Previsión de gastos

Gasto de persoal	162.637,33 €
Outros gastos de explotación	271.242,92 €
Amortización	26.323,00 €
TOTAL GASTOS.....	460.203,25 €

Previsión de ingresos

Ingresos financeiros	19.230,75 €
Alleamento de investimentos materiais. Terreos ...	227.483,38 €
Reintegro anticipo convenio Nogueira	37.058,40 €
Outros ingresos. Concello Taboadela	11.800,00 €
Diferenza negativa para cubrir con existencia caixa	164.630,72 €
TOTAL INGRESOS.....	460.203,25 €

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aproba-los cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986.

4º.- Aproba-lo teito de gasto máximo non financeiro fixado en 66.472.683,99 €, conforme co mandato do artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

5º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, tralo anuncio previo no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de decembro de 2012

considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E, ás 14:00 horas do citado día doce de decembro de ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,